

Concello de Mugardos
(A Coruña)

PROVIDENCIA DE INICIO DE EXPEDIENTE DE CONTRATO DE OBRAS

Expediente Nº: 119/2021

Procedemento: Contrato de obras por procedemento aberto simplificado

Obras: “REFORMA DO EDIFICIO DA PRAZA DE ABASTOS PARA ADECUALA ÁS NOVAS NECESIDADES DE POSTOS DE VENDA”.

Subvención: AXUDA DA CONSELLERÍA DO MAR AO ABEIRO DAS ESTRATEXIAS DE DESENVOLVEMENTO LOCAL PARTICIPATIVO AO PROXECTO MODERNIZACIÓN DO MERCADO MUNICIPAL, POSTA EN VALOR DE PRODUCTOS LOCAIS (GALP2-071) PROGRAMA OPERATIVO ESPAÑOL FEMP 2014ES14MFOP001

MEMORIA XUSTIFICATIVA

Vista a Resolución da Consellería do Mar pola que se concede unha axuda ao abeiro das estratexias de desenvolvemento local participativo ao proxecto “Modernización do Mercado Municipal, posta en valor productos locais” (GALP2-071) ao Concello de Mugardos onde se inclúe na súa anulación 2021 a execución do proxecto de “Reforma do edificio do mercado municipal de Mugardos” por un importe de 150.000,00 euros.

O financiamento é o seguinte:

Concello de Mugardos	91.622,86 €
Consellería do Mar	148.774,64 €
Total	240.397,50 €


1- Necesidade do contrato. (art. 28 e 116.e LCSP).

De conformidade co artigo 28 da Lei de Contratos do Sector Público, a natureza e extensión das necesidades que se pretenden satisfacer co contrato que se pretende tramitar, así como a idoneidade do seu obxecto e contido para satisfacelas, especifícanse e xustificanse na memoria do proxecto en todo caso.

2- Obxecto do contrato. (art. 99 LCSP).

Execución das obras a que se refire o proxecto técnico da obra "Reforma da praza de abastos para adecuaa ás novas necesidades de postos de venda” cun orzamento de execución total de 240.297,50 €, IVE (21%) incluído, redactado por D. Luís Monzón Gómez, en data de xuño de 2021.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

O citado proxecto inclúe as Prescricións Técnicas para a súa contratación.

3.- Non división en lotes do obxecto do contrato (art .99 e 116 LCSP)

De conformidade co artigo 99.3 LCSP, xustifícase a non división en lotes polos seguintes motivos válidos

- A división en lotes suporía un retraso na adxudicación dos investimentos, e polo tanto na súa execución.
- Coa división en lotes do obxecto do contrato pérdese a coordinación da execución das prestacións.
- Coa división en lotes do obxecto do contrato se incrementan os costes de execución pola existencia dunha pluralidade de contratistas diferentes, e incrementariase o número de expedientes que o concello tería que realizar, co conseguinte custo de tempo e de recursos personais e materiais.

4.- Valor estimado do contrato.

O valor estimado do contrato ascende á contía de 218.543,18 euros.

5.- Estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira

O presente contrato conta coa correspondente consignación orzamentaria no presuposto de 2021, para facer fronte ao gasto. En base ao contido do contrato séguese a inexistencia de efectos económicos futuros como consecuencia do mesmo, en consecuencia considerase que non incumpre os principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira esixidas no artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

6.- Elección do procedemento de licitación (art. 116.4.a LCSP)


O expediente de contratación será tramitado de forma ordinaria utilizándose o procedemento aberto simplificado coforme ao art. 159 da LCSP, con pluralidade de criterios de adxudicación.

7.- Clasificación. Medios de acreditar a solvencia técnica, económica e financeira (art. 116.4.b LCSP):

Segundo o valor estimado deste contrato de obras, non se esixe clasificación de contratistas nin acreditación da solvencia económica e financeira nin técnica ou profesional (arts. 77.1. e 159 da LCSP)

Avda. de Galicia, 45. Tfños.981470338-981470290-981471701 Fax.981472017- 15620 Mugardos
C.I.F. P1505200D - R.E.L.G. Núm. MU2000/4





Concello de Mugardos
(A Coruña)

8.- Cualificación do contrato.

Á vista do establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, a cualificación do contrato é:

- Contrato de obras

Polo exposto, dispoño:

- Emítase, previos os trámites pertinentes, informe pola interventora municipal sobre a existencia de crédito
- Incorpórese o prego de cláusulas administrativas particulares.
- Emítase informe polo secretario da corporación.
- Emítase, previos os trámites pertinentes, informe pola interventora municipal sobre a fiscalización do gasto.

Mugardos, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Concelleiro de Obras, Servizos e Medioambiente do Concello de Mugardos (delegación efectuada pola Resolución da Alcaldía núm. 1108/2020, do 17.02.2020).

